

## ACTA

### Asunto: Acta da 1ª reunión constitutiva do Consello de Arquivos de Galicia

**Lugar:** Edificio do Arquivo de Galicia, Santiago de Compostela

**Data:** 13 de xullo de 2016

**Hora de comezo:** 11,30 h

**Hora de remate:** 13,30 h

#### Asistentes:

Anxo M. Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), vicepresidente 1º

Natalia Prieto Viso (D.X. de Avaliación e Reforma Administrativa), vicepresidenta 2ª

Mar Pereira Álvarez (directora da Amtega), vicepresidenta 3ª

Mª Josefa Piñón López (xefa do Servizo do Sistema de Arquivos), secretaria

Marina García Pita (subdirectora xeral de Arquivos), vogal

Mª del Mar García Miraz (xefa do Servizo do Arquivo de Galicia), vogal

Carmen Prieto Ramos (directora do Arquivo do Reino de Galicia), vogal

Pablo Sánchez Ferro (director do Arquivo Histórico Provincial e Ourense), vogal

Carmen Moreiras Plaza (Parlamento de Galicia), vogal

Alberto González Fernández (alcalde do Concello de Valdoviño), vogal

Javier Jorge Castiñeira (alcalde do Concello de Foz), vogal

Juan José Martín Álvarez (director xeral de Xustiza), vogal

Olimpia López Rodríguez (presidenta de BAMAD-Galicia), vogal

Pedro López Gómez (ex director de arquivos), vogal

Jaime Fariña Fernández (Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela), vogal

Mª José García Sexto (Amtega)

#### Ausentes:

Avelino Bouzón Gallego (director do Arquivo Diocesano e Catedralicio de Tui), vogal

#### Orde do día

1. Presentación e constitución do Consello de Arquivos de Galicia
2. Informar sobre o funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia
3. Informar sobre a situación actual do Sistema de Arquivos de Galicia.
4. Proposta de actuación e creación de grupos de traballo
5. Rolda de intervencións

## **Deliberacións**

### **1. Presentación e constitución do Consello de Arquivos de Galicia**

Preside a reunión o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo Suárez, vicepresidente 1º, en substitución do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que dá a benvida aos presentes. A continuación procede a explicar o carácter do Consello de Arquivos de Galicia como órgano colexiado, consultivo de asesoramento, cooperación e participación en materia de arquivos de Galicia, no que están representados os arquivos das institucións que integran o Sistema de Arquivos de Galicia.

Anxo Lorenzo Suárez presenta aos membros do Consello, a vicepresidencia primeira corresponde ao secretario xeral de Cultura, a vicepresidencia segunda que corresponde á directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, Natalia Prieto Viso e a vicepresidencia terceira á directora da AMTEGA, Mar Pereira Álvarez.

En representación da Administración autonómica: a subdirectora xeral de Arquivos, Marina García Pita, e tres representantes do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, M<sup>a</sup> del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, Carmen Prieto Ramos, directora do Arquivo do Reino de Galicia, Pablo Sánchez Ferro, director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

En representación dos arquivos dos órganos estatutarios e Consello Consultivo de Galicia, Carmen Moreiras Plaza, do Parlamento de Galicia.

En representación dos arquivos xudiciais, Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza.

En representación dos arquivos das universidades galegas, Jaime Fariña Fernández, do Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela.

En representación dos arquivos das entidades locais, Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño, e Javier Jorge Castiñeira, alcalde do Concello de Foz.

En representación das asociacións profesionais, Olimpia López Rodríguez, presidenta de BAMAD-Galicia.

Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito dos arquivos, Pedro López Gómez.

O Consello de Arquivos de Galicia queda constituído por ditos membros.

### **2. Informar sobre o funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia**

O Consello de Arquivos de Galicia funcionará en tres niveis, Pleno, Comisión Permanente e grupos de traballo.

O Pleno reunirse en dúas sesións ordinarias ao ano e en sesións extraordinarias cando se solicite.

A Comisión Permanente é o órgano de apoio ao Pleno e estará integrada polo vicepresidente primeiro, que a presidirá, pola subdirectora xeral de Arquivos e polas/polos presidentas/es dos grupos de traballo que se creen. Actuará como secretaria a persoa designada para a Secretaría do Pleno do Consello.

Os grupos de traballo específicos serán propostos polo Pleno ou pola Comisión Permanente e aprobados polo Pleno. A súa finalidade é a elaboración de propostas de actuación en razón dunha materia ou tipoloxía de arquivos. Poderá participar calquera persoa que forme parte do consello e especialistas ou entidades externas, que incluso poderían asistir a algunha sesión do pleno, en asuntos puntuais, se así se decidise.

Os estudos e informes desenvolvidos polo grupos de traballo serán supervisados pola comisión permanente que os elevará ao Pleno.

### **3. Informar sobre a situación actual do Sistema de Arquivos de Galicia**

A continuación o vicepresidente, Anxo Lorenzo Suárez, informa sobre o Sistema de Arquivos de Galicia, como estrutura organizativa funcional dos arquivos galegos tanto de titularidade pública como privada. Está coordinado pola consellería competente en materia de arquivos e conta con dous órganos de colaboración e asesoramento, o Consello de Arquivos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental de Galicia.

Os arquivos públicos que forman parte do Sistema son os arquivos da Xunta de Galicia, os arquivos dos órganos estatutarios e Consello Consultivo de Galicia, os arquivos da Administración Local, concellos e deputacións, os arquivos da Administración de Xustiza e os arquivos notariais e rexistrais públicos, os arquivos das universidades galegas e os arquivos privados que voluntariamente se integren.

Preséntase informe sobre o Sistema de Arquivos de Galicia e sobre o Censo de arquivos e patrimonio documental de Galicia do Ministerio de Cultura, extrapolando aqueles centros que dispoñen de persoal, como figura no documento que se xunta. Segundo estes datos en Galicia hai 376 arquivos, dos que 103 contan con persoal técnico. Destacan os 3.895 fondos de patrimonio documental, unha cifra moi alta porque están contabilizados os fondos parroquiais.

A continuación, o vicepresidente presenta aos membros deste consello o proxecto ARPAD de cooperación transfronteiriza entre Galicia e Norte de Portugal, co financiamento de fondos europeos e liderado pola AMTEGA, para desenvolver unha infraestrutura tecnolóxica e outra organizativa e deseñado para a Administración da Xunta de Galicia pero susceptible de ser aplicado en outras administracións.

A vicepresidenta terceira, Mar Pereira Álvarez, comenta que ARPAD está formado polo Arquivo Electrónico Administrativo e polo Arquivo Electrónico Patrimonial, os dous integrados nun modelo de xestión documental único aliñado, polo tanto, co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entra en vigor no mes de outubro e obriga a ter un arquivo electrónico único. Estase traballando na consolidación de procedementos administrativos coa implicación de moitas unidades administrativas, e xa están integrados 39 procedementos electrónicos.

### **4. Proposta de actuación e creación de grupos de traballo**

Respecto aos grupos de traballo, enviarase unha comunicación escrita para invitar á participación dos grupos de traballo e proponse como obxectivo traballar nos seguintes ámbito:

1. Regulamento de arquivos
2. Censo de arquivos
3. Plan de arquivos
4. Plan de dixitalización

O director xeral de Xustiza, Juan José Martín, pregunta polo ámbito do plan de arquivos, ao que o vicepresidente informa que deberá corresponder ao regulado na disposición transitoria segunda da lei de arquivos e documentos de Galicia.

A subdirectora xeral de Arquivos, Marina García Pita, explica que o regulamento atendería ao disposto na lei para o seu desenvolvemento normativo. O censo de arquivos será o instrumento de control e de información da situación actual para estruturar o plan de acción. O plan de arquivos, como se explicou, segundo se dispón na lei de arquivos e documentos analizará as necesidades de persoal e infraestruturas dos arquivos da Xunta de Galicia, aínda que podería servir de referencia para os sistemas doutras institucións. Igual sucede cos proxectos para dixitalización de documentos co obxectivo de coordinación, normalización e difusión do patrimonio documental galego.

O director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Pablo Sánchez Ferro, comenta a necesidade de incluír accións de dinamización dos arquivos na sociedade, ao que o vicepresidente contesta que debería terse en conta na elaboración dun plan de actuación dos arquivos.

Pedro López Gómez propón que se remita a información cos obxectivos de cada grupo de traballo para decidir a participación nun ou noutro. Comenta tamén a preocupación pola falta de persoal técnico nos arquivos galegos, con exemplos tan significativos como os concellos de Vigo e Santiago.

A subdirectora xeral de Arquivos, contesta que coa información recollida no censo de arquivos, respecto ao persoal, e segundo os requisitos que estableza o regulamento debería servir para mellorar a situación.

O representante da FEGAMP, Alberto González, comenta que habería que preocuparse da situación dos arquivos da Administración Local, xa que en concellos pequenos a situación é incluso máis difícil pola falta de recursos. Se interesa pola ubicación da documentación producida pola administración central delegada, como, por exemplo, a da demarcación de costas e da confederación hidrográfica, ao que a directora do Arquivo do Reino de Galicia, Carmen Prieto Ramos, contesta que os fondos das delegacións da Administración Central se transferiron ao Arquivo do Reino de Galicia na Coruña e aos arquivos históricos provinciais, agás Defensa, que ten o seu propio sistema de arquivos.

A xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, Mar García Miraz, incide na importancia do Censo para coñecer tamén o patrimonio documental custodiado en institucións públicas e privadas e valorar prioridades na elaboración de estratexias de actuación.

A representante das asociacións profesionais, Olimpia López Rodríguez, expón a situación dos arquivos en Galicia e incide na falta de recursos. O vicepresidente, Anxo Lorenzo, resalta a importancia da planificación e cooperación para, na medida do posible, solventar este déficit do que todos somos coñecedores.

Javier Jorge Castiñeira, comenta que como vogal pola FEGAMP, representa a todos os concellos pero como alcalde de Foz menciona que no seu concello conta con persoal no arquivo, que aínda que contratado a media xornada, supón unha experiencia moi positiva e expresa a esperanza nas melloras que neste ámbito dos arquivos e da xestión documental suporá a administración electrónica, así como a dixitalización de documentos.

Mar García Miraz, incide na relevancia do papel dos arquiveiros no entorno da administración electrónica e no control dos documentos electrónicos.

Mar Pereira intervéñen tamén neste sentido resaltando a importancia da colaboración, cun proxecto organizativo conxunto no entorno da administración electrónica, no que participa a AMTEGA, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Secretaría Xeral de Cultura.

Olimpia López Rodríguez pregunta si dentro dos plans de dixitalización estaría contemplada tamén a documentación administrativa ao que se resposta que haberá expedientes nados dixitais e outros, en papel ou mixtos, que haberá que dixitalizar segundo as necesidades e de acordo cunha normas.

## **5. Rolda de intervencións**

O vicepresidente, Anxo Lorenzo Suárez, informa sobre a aprobación no Consello da Xunta de Galicia da Memoria Dixital de Galicia, proxecto que promova a conservación, difusión e accesibilidade dixital do patrimonio cultural galego e sirva de dinamizador económico e social. En vindeiras sesións deste consello continuarase dando cumprida información deste proxecto.

Pedro López Gómez solicita que se envíe o directorio dos membros deste consello. Por outro lado, reflexiona que estamos nun momento de transformación e renovación da administración que semella unha revolución. Neste sentido lembra o paralelismo co que aconteceu no ano 1978 cando finalizou a administración franquista e moita documentación das institucións suprimidas que non ingresou nos arquivos desapareceu para sempre. Tanto a administración electrónica como os cambios nas estruturas administrativas determinan a necesidade de recoller e transferir aos arquivos un volume importante de documentación en papel.



**Acordos:**

1. Constitución do Consello de Arquivos de Galicia
2. Remisión aos membros do consello do directorio dos participantes
3. Creación de catro grupos de traballo:
  - 1) Censo de arquivos e patrimonio documental de Galicia
  - 2) Normativa de arquivos e documentos de Galicia
  - 3) Plan de arquivos de Galicia
  - 4) Plan de dixitalización de fondos documentais de Galicia

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13,30 horas.

A secretaria

Mª Josefa Piñón López



Vº e Prace

O vicepresidente 1º

Anxo M. Lorenzo Suárez

